

# A guerra contra unha nova forma de terrorismo: O caso de al-Qaida

*Pedro Brieger*

Os atentados terroristas con maior impacto realizados nestes últimos anos en diversos puntos do planeta levan o que se sole denominar a “marca de al-Qaida”. Os avións espetados contra as Torres Xemelgas, as bombas que explotaron en Madrid ou o ataque aos buques estadounidenses en Iemen son atribuídos a unha rede internacional liderada por Osama Ben Laden dende algún lugar de Afganistán.

Estes actos, polas súas características e magnitude, se enmarcan dentro do fenómeno en debate que sole levar o rótulo de “terrorismo”, un concepto conflitivo do cal non existe unha definición globalmente aceptada. Como sinalara Walter Laqueur no seu xa clásico libro, é un dos temas máis discutidos e un dos menos comprendidos<sup>(1)</sup>, pero tamén “é sempre a acción a que conta, xa que non é de ningunha maneira unha escola filosófica”<sup>(2)</sup>.

Retomando a definición de Rafael Calduch Cervera, da Universidade Complutense de Madrid, pódese definir ao terrorismo como “unha estratexia de relación baseada no uso da violencia e das ameazas de violencia por un grupo organizado, co obxecto de inducir un sentimento de terror ou inseguridade extrema nunha colectividade humana non belixerante e facilitar así o logro das súas demandas”<sup>(3)</sup>.

Somos conscientes de que o terrorismo *per se* non existe xa que sempre está enmarcado nun contexto histórico, social e político, e quen o utiliza di ter obxectivos nobres. Cando os atentados son realizados por quen é definido como “inimigo”, son bestiais, criminais sen razón, feitos por psicópatas, tolos e terroristas.

Polo contrario, cando estes atentados responden a actos cometidos por aliados políticos, a cualificación pexorativa dá lugar a unha neutra ou positiva, como “os partisanos” durante a II Guerra Mundial –que aínda afagan a franceses, italianos, iugoslavos e gregos–, ou “combatentes pola liberdade” a expresión utilizada polo ex-presidente estadounidense Ronald Reagan ao se referir aos afgáns, musulmáns e árabes, que combatían aos soviéticos en Afganistán<sup>(4)</sup>.

Non é o obxectivo deste traballo desentrañar a nobelo do fenómeno terrorista en si mesmo senón os aspectos que da aparición e o desenvolvemento desta “rede de redes” denominada al-Qaida. Para tal fin é indispensable comprender –en pri-

(1) LAQUEUR, Walter: *Terrorism*, Ed. Weidenfeld & Nicolson, Londres 1977 (nota introdutoria). Agradecemos a colaboración da xornalista Solange Levinton pola súa tarefa de investigación de arquivo.

(2) Ídem, p220.

(3) CALDUCH CERVERA, Rafael: *Relaciones Internacionales*, Ed. Ciencias Sociales, Madrid 1991, p327.

(4) “So, too, in Afghanistan, the freedom fighters are the key to peace. We support the Mujahadeen”. En [http://www.presidentreagan.info/speeches/reagan\\_sotu\\_1988.cfm](http://www.presidentreagan.info/speeches/reagan_sotu_1988.cfm).

meiro lugar– o contexto do ascenso e posterior retroceso dos movementos islámicos que se desenvolveron á calor da revolución islámica de 1979 en Irán. Por outra banda, a adhesión a un movemento sen estrutura partidaria nin vínculos baseados nunha afinidade ideolóxica estrita, marca unha clara diferenza respecto da maioría dos movementos e partidos políticos, que exclúen das súas filas a aqueles que non comulgan cun determinado decálogo ideolóxico.

Aínda que a existencia desta “rede” non é clara e a súa estrutura segue sendo extremadamente difícil de desenrolar, outra gran diferenza cos partidos e movementos políticos ata agora coñecidos é que os ataques se realizan en diferentes lugares do planeta e a posibilidade de “formar parte” de al-Qaida non semella condicionada por demasiados requisitos.

## **A radicalización do Islam**

---

A revolución liderada polo imán Ruhollah Khomeini en Irán permitiu por primeira vez no século vinte o acceso ao poder político e estatal por intermedio dunha revolución a un movemento político de masas que ten ao Islam como bandeira política.

Despois da desintegración do Imperio Otomán, a ocupación colonial da maioría dos países árabes, a posterior coroación de monarquías impostas polos poderes coloniais en retirada, o fracaso ao gobernar da corrente nacionalista árabe e a súa case desaparición, a apertura cara aos Estados Unidos iniciada polo presidente exipcio Anwar Sadat e a consolidación da burguesía árabe dependente de Occidente, a revolución de 1979 abriu un período de radicalización política cun claro signo antiimperialista no mundo árabe e islámico<sup>(5)</sup>.

Como consecuencia, os movementos que enarboran a bandeira do Islam no seu accionar político desenvolvéronse con extraordinaria rapidez e forza nos principais centros urbanos árabes, competindo cos partidos políticos tradicionais na busca do apoio da maioría da poboación. Sen entrar nos detalles do sucedido en todos os países<sup>(6)</sup>, a análise dalgúns casos particulares permitirá comprender este desenvolvemento. Isto é importante, en especial, pola inserción de masas dalgúns destes novos movementos, en especial en países onde non contaban cunha longa tradición teolóxica-política, como foi o caso dos Irmáns Musulmáns en Exipto, herdeiros dun movemento nado nos anos vinte.

A Fronte Islámica de Salvación (FIS) en Alxeria converteuse nunha alternativa real á histórica Fronte de Liberación Nacional (FLN) e derrotouno nas primeiras eleccións libres da historia dese país, aínda que logo un golpe de Estado impe-

---

(5) Sobre este punto referímonos en BRIEGER, Pedro: *¿Guerra Santa o lucha política? Entrevistas y debate sobre el Islam*, Ed. Biblos, Buenos Aires 1996, pp23-53.

(6) Ídem.

diulle gobernar. O libanés Partido de Deus, Hizbulá<sup>(7)</sup>, soubo substituír con éxito á Organización pola Liberación de Palestina (OLP) na súa loita contra a presenza do exército israelí no Sur do Líbano –logo de que a dirección da OLP fose expulsada a Tunicia en 1983– e foi o artífice da retirada israelí no ano 2000 despois de 18 anos de ocupación ininterrompida.

Unha vez conseguida a súa lexitimidade<sup>(8)</sup>, Hizbulá estendeu a súa forza política ao corazón do país e converteuse nun partido legal que tamén participa dos procesos electorais. A súa loita, ademais, é collida como exemplo para un importante sector dos palestinos que viven baixo ocupación israelí en Cisjordania e na franxa de Gaza desde 1967. “A experiencia de loita do Hizbulá no sur do Líbano –din Marwan Barguti, un dos principais dirixentes da organización palestina Al-Fatah– amósanos que as negociacións por si soas non funcionarán con Israel. Ten que haber presión, ten que haber resistencia”<sup>(9)</sup>.

O palestino Movemento de Resistencia Islámica (Hamás), desde a súa aparición en 1987 ao fronte da Intifada, converteuse nun factor político ineludible dentro dos territorios baixo administración da Autoridade Palestina e, en menos de vinte anos, logrou socavar o liderado da OLP, outrora incuestionado polo seu lugar á fronte da reconstrución da identidade palestina.

O que caracteriza a estes movementos (e á gran maioría dos movementos islámicos) é a súa intención de liderar ás masas do seu país para a toma do poder político dentro das fronteiras do que consideran ao seu país/territorio sen ningunha intencionalidade de estender a súa área de influencia por fóra do que identifican como identidade nacional/estatal, aínda que desde o punto de vista teórico o Islam rexeite o nacionalismo<sup>(10)</sup>.

A loita armada iniciada polo FIS, logo de que o despoxasen do triunfo electoral, os atentados atribuídos ao Hizbulá contra as tropas norteamericanas, francesas e israelís, ou os violentos ataques de Hamás en territorio israelí, reafirman esta concepción que implica a loita interna contra a ocupación estranxeira dentro do marco do conflito preestablecido<sup>(11)</sup>. Máis alá dunha retórica antiimperialista, ou especificamente antinorteamericana, nos feitos, ningún destes movementos veuse involucrado en accións armadas contra Estados Unidos *per se*, e sempre negaron a súa participación en feitos de violencia fóra do seu territorio natural.

(7) Aínda que a transliteración correcta do árabe de Partido de Deus é Jizb (partido) alá (Deus), a utilización de Hizbulá nos medios masivos de comunicación de fala hispana fainos adoptar esta acepción para facilitar a lectura.

(8) Ver o traballo de ALEXANDER, Kristian: *Mobilizations of the Shiite community in Lebanon: A Multi-dimensional analysis*, presentado en Middle East and Central Asia Conference University of Utah, outubro 17-18, 2003.

(9) Citado por USHER, Graham: *The lessons of Hizbullah*, en Al-Ahram Weekly, 31 de maio ao 6 de xuño de 2001.

(10) Ver NAQAVI, Ali Muhammad: *Islam y nacionalismo*, Ed. Alborada, Bos Aires 1987.

(11) Despois do atentado contra un hotel en Taba (Exipto) que matou e feriu a decenas de israelís en outubro 2004, o voceiro de Hamás, Mushir al-Masri dixo “Non foi Hamás (...) A nosa estratexia é clara, loitamos pola independencia e o fin da ocupación, pero só no interior dos territorios palestinos”, <http://www.elpais.com>, 09/10/2004.

## Os anos noventa

---

A invasión de Iraq a Kuwait o 2 de agosto de 1990 e a posterior intervención norteamericana no Golfo á fronte dunha gran coalición que tamén incluíu á maioría dos países árabes, marcou un cambio da situación política rexional e mundial.

A forma como Saddam Hussein tentou xustificar a anexión de Kuwait e a posterior guerra terminaron por erosionar os fundamentos do nacionalismo árabe que aínda levantaba o último dos estados árabes con capacidade de demostrar logros económicos de importancia, pero unha extrema fragilidade política e a perda de lexitimidade pola súa anterior invasión, a Irán, en 1980.

A expulsión do exército iraquí de Kuwait en 1991 –e o proceso de desintegración da Unión Soviética dous anos despois da caída do muro de Berlín en 1989– permitíronlle aos Estados Unidos deseñar unha nova estratexia que tivese como eixe unha forte presenza militar en terras árabes, aínda maior que a lograda no Golfo árabe-pérsico a raíz da guerra de 1991. Así, coa escusa dunha posible invasión iraquí a Arabia Saudita, as tropas norteamericanas recibiron o beneplácito da monarquía para o seu desembarco na terra onde naceron o Islam e o profeta Mafomede, e onde está o santuario máis importante para os musulmáns (a Ka'ba), lugar de peregrinación de millóns de fieis.

A nova conxuntura internacional permitiu que Washington elaborara a estratexia da contención dual cara Irán e Iraq<sup>(12)</sup> para illar simultaneamente aos dous países que maior resistencia ofrecían á presenza norteamericana en Oriente Medio, e de maior enfrontamento –aínda que máis que nada verbal– co principal aliado estratéxico dos Estados Unidos, o Estado de Israel.

Paralelamente, a revolución islámica de Irán, que tivera un impacto positivo en todo o mundo islámico, e que colaborou no desenvolvemento dunha corrente militante inspirada nesta revolución dous anos despois da desaparición de Khomeini, comezou a perder o fervor revolucionario dos primeiros anos. Como sinala Olivier Roy do parisiense Centre National de la Recherche Scientifique, se ben a influencia da revolución iraniana é importante, na maioría dos movementos non se percibe unha directa influencia iraniana<sup>(13)</sup>.

A súa pegada de enfrontamento radical con Estados Unidos (e sostén a Cuba e Nicaragua) decaeu, entre outros factores, por non se expandir a revolución islámica a outros países, pola falta de apoio concreto –alén da retórica– aos combatentes afgáns na súa loita contra a ocupación soviética de Afganistán, e polo distanciamento da maioría dos movementos islámicos (de orixe sunnita) do liderado iraniano debido ao forte cariz iraniano-xiíta da revolución.

---

(12) Ver BALMACEDA, Leonardo, BRIEGER, Pedro e SFRÉGOLA, Carmen: *Estados Unidos y la contención dual*, presentado nas Terceras Jornadas de Medio Oriente, Universidad Nacional de La Plata, 9-10 de novembro de 2000.

(13) Ver al respecto ROY, Olivier: *Sous le turban, la couronne: la politique extérieure*, en ADELKHAH, Fariba, BAYART, Jean Francois e ROY, Olivier: *Thermidor en Iran*, Ed. Complexe, Bruselas 1993.

Pola súa banda, nun xiro copernicano, en 1993 o Estado de Israel recoñeceu á OLP e este aceptou converterse en socio do primeiro ministro israelí Itzjak Rabin para asinar os Acordos de Oslo que –segundo a interpretación realizada pola OLP– debían concluír coa creación dun Estado palestino en Cisjordania e Gaza. Case ao mesmo tempo, en Afganistán, despois da retirada soviética de 1989, a guerra civil entre grupos políticos e étnicos desembocou na toma do poder dunha parte do país por parte dos talibán, incluíndo a súa capital Cabul, sendo estes rexeitados pola inmensa maioría das correntes teolóxicas e políticas islámicas debido a súa particular interpretación do Islam<sup>(14)</sup>.

A súa vez, o bloqueo a Iraq e a asfixia da poboación iraquí provocaron un descontento xeneralizado no mundo árabe-islámico e de solidariedade a Iraq, aínda que este sentimento non se traducise no apoio ao réxime de Saddam Hussein. Esta falta de apoio quedou claramente demostrada durante a Guerra do Golfo cando fronte á ofensiva militar norteamericana Saddam Hussein buscou reconstruír o seu liderado apelando primeiro ao nacionalismo árabe –en franca decadencia–, logo atacou ao Estado de Israel para involucralo na guerra, consciente do rexeitamento xeral cara ao Estado xudeu; e por último, apelou en vano á retórica relixiosa<sup>(15)</sup>.

De todas formas, non hai que minimizar o efecto producido pola guerra contra un dos países máis ricos da rexión (e berce da civilización), que sublevou a árabes e musulmáns e acrecentou o descontento cara aos réximes árabes por non impedir a súa destrución ou non actuar cando Madeleine Albright, como secretaria de Estado de Bill Clinton, xustificou o bloqueo a pesar de que provocou a morte de máis de 500 mil nenos<sup>(16)</sup>.

## Os afgáns

---

A invasión soviética de Afganistán en decembro de 1979 produciuse pouco despois da toma da embaixada de Estados Unidos en Teherán, probablemente o momento de maior auxe da retórica antiimperialista da nacente revolución e o seu inflamado discurso contra Washington, pero tamén contra Moscova. Ambos sucesos conxugáronse para que miles de mozos árabes e musulmáns decidisen sumárense á resistencia que –armas na man– combatía ao réxime comunista e a presenza militar soviética.

Se ben a participación destas “brigadas internacionais” foi máis ca simbólica na resistencia, ao regresar aos seus respectivos países pasaron a confor-

---

(14) Polas características deste traballo non afondaremos nas diferenzas teolóxicas e políticas dentro do Islam.

(15) Ao respecto ver BRIEGER, Pedro: *Medio Oriente y la Guerra del Golfo*, Ed. Letra Buena, Bos Aires 1991.

(16) Lesley Stahl on US sanctions against Iraq: “We have heard that a half million children have died. I mean, that’s more children than died in Hiroshima. And, you know, is the price worth it?” Secretary of State Madeleine Albright: “I think this is a very hard choice, but the price is worth it”, 60 minutes, 12/05/1996.

mar a xeración “dos afgáns”. Eran recoñecidos como aqueles que participaron “no Yihad”<sup>(17)</sup> contra os soviéticos, e así reincorporáronse á vida dos seus respectivos movementos políticos, con recoñecemento e admiración por combateren nas montañas de Afganistán.

Alén da participación de estranxeiros na guerrilla e nos combates directos, a complicada trama étnico-tribal-relixiosa de Afganistán, veuse potenciada pola intervención do réxime saudita apoiando a diversos sectores como parte do seu intento por evitar a extensión da influencia dos postulados político-relixiosos da revolución iraniana. Pero este apoio político e financeiro para expulsar aos soviéticos quedou eclipsado unha vez que as tropas rusas se retiraron e comezou a intervención norteamericana no golfo Pérsico.

O distanciamento de moitos dos grupos islámicos da monarquía saudita provén claramente do momento en que esta permitiu que as tropas dos “infieis” norteamericanos se instalasen no seu territorio para protexer os lugares santos, o que foi percibido como unha afronta para o Islam. Olivier Roy destacou que xa en 1992, “a masa dos islamitas pasou á oposición a Arabia Saudita”<sup>(18)</sup>, que, ademais, apoiou ao réxime Talibán que tomou o poder en 1995. De feito, Arabia Saudita, os Emiratos Árabes Unidos e Paquistán foron os únicos tres países do mundo que estableceron relacións diplomáticas cos talibáns, amén dos negociados que emprenderon diferentes empresas de varios países, incluído os Estados Unidos, daquela gobernada por Bill Clinton<sup>(19)</sup>.

## Existe al-Qaida?

A mediados dos noventa a Unión Soviética deixou de existir como contrapeso á hexemonía de Washington, o nacionalismo árabe pasou a ser un vago recordo<sup>(20)</sup>. Irán xa non era un faro de inspiración revolucionaria, varios movementos islámicos foron reprimidos ata a súa atomización, a OLP comezou un proceso de negociación co Estado de Israel, e Estados Unidos non só mantivo o bloqueo a Iraq, senón que tamén logrou por primeira vez unha firme presenza militar en terras árabes, invitado polos gobernantes sauditas.

Neste contexto é no que se desenvolve al-Qaida como único factor visible de oposición global aos Estados Unidos. Se os movementos islámicos fracasaron no seu intento por tomar o poder e enfrontar os proxectos de dominación norteamericana, en case todos os países a violencia terrorista contra a primeira potencia mundial

(17) Polas características deste traballo non analizaremos o concepto de *yihad* no Islam. Ver BRIEGER, Pedro: *¿Guerra Santa...*, op.cit.

(18) ROY, Olivier: *L'échec de l'Islam politique*, Ed. Seuil, Francia 1992, p155.

(19) Ver RASHID, Ahmed: *Los Talibán*, Ed. Península, Barcelona 2001.

(20) O srilankés Thalif Deen sostén que hoxe a axencia de noticias Al-Yazeera converteuse no novo símbolo do nacionalismo árabe. *Is Al-Jazeera the New Symbol of Arab Nationalism?*, en <http://www.antiwar.com/>, 13/10/2004.

mudaría a organización nacional, coa esperanza de que esta servise para atraer adeptos e mobilizar ás masas árabes e musulmáns.

Ao redor do xurdimento de al-Qaida existe moito misterio xa que son moi poucos os autores que sosteñen a existencia dun “acta fundacional” ou programa político que proclame a súa creación. Sendo al-Qaida unha expresión en árabe que significa ‘infraestrutura’, ‘base’, ‘asentamento’, ‘regra’ ou ‘conduta moral’<sup>(21)</sup> non queda claro cando nace “formalmente” ou desde cando se comeza a utilizar esta expresión.

Afzal Khan –que traballou para diversas axencias de intelixencia británicas e norteamericanas, incluíndo o Departamento de Estado– resalta a influencia paquistaní no desenvolvemento de Osama Ben Laden. “O presidente Zia-ul Haq cruzou o rubicón despois de aceptar, co alento dos Estados Unidos, millóns de dólares aportados polos sauditas para difundir a mensaxe wahabita, unha seita fundamentalista do Islam sunnita. O principal xogador nesa transferencia da riqueza petroleira para apoiar o yihad contra os rusos infieis foi Osama Ben Laden. El chegou a Peshawar, en Paquistán –coa beizón da realeza saudita– para loitar no yihad (...) o que logo se transformou en al-Qaida en 1989”<sup>(22)</sup>.

Moitos analistas consideran que a oficina fundada en 1984 en Paquistán, co nome orixinario de MAK (*Maktab al Khidmat lil Mujahidin al-Arab* ou Oficina do Servizo Afgán) serviu como punto de partida para recrutar voluntarios que desexasen combater en Afganistán, despois transformouse en al-Qaida<sup>(23)</sup>. Aínda que outros servizos de intelixencia sinalan que naceu en 1998, xa como un grupo que traballaba en rede en diferentes partes do mundo<sup>(24)</sup>.

Segundo Gilles Kepel, do Institut d’Études Politiques de París e autor de *La Yihad*, en 1988 Ben Laden “creou unha base de datos, inventariou aos yihadistas e a outros voluntarios que pasaban polos campos. Isto deu lugar a unha estrutura organizativa creada en torno a un ficheiro informatizado cuxa apelación árabe, al Qa’ida (‘a base’ de datos) fíxose célebre dez anos máis tarde, cando foi considerada como unha rede terrorista ultrasecreta pola xustiza americana”<sup>(25)</sup>. O saudita Saad al-Faqih, do Movemento por unha Reforma Islámica en Arabia –opositor do goberno saudita–, sostén que o termo “al-Qaida” é usado máis que nada polos norteamericanos xa que os seguidores de Ben Laden orixinariamente o utilizaban para se referiren a un sistema de documentación de finais dos anos oitenta<sup>(26)</sup>.

(21) Lamin Benallou, El País, 11/04/2004.

(22) KAHN, Afzal: *The war on terror and the politics of violence in Pakistan*, Terrorism Monitor, vol 2, nº 13, 01/07/2004, publicado por The Jamestown Foundation, Washington, en <http://www.jamestown.org/>.

(23) ABODEELY, Joseph E.: *Conflicts in the Middle East and the relevance of Law*, 12/06/2003, en <http://www.joeabo.com/specialesay.htm>.

(24) Jane’s Intelligence Review, 1 de agosto de 2001, Section: Special Report, vol 13, nº 8, en <http://www.mwarrior.com/>.

(25) KEPEL, Gilles: *La Yihad, expansión y declive del islamismo*, Ed. Península, Barcelona 2000, p503.

(26) Entrevista con Saad Al-Faqih, The Jamestown Foundation, vol 2, nº 2, 5 de febreiro de 2004, en [http://www.jamestown.org/publications\\_details.php?volume\\_id=397&issue\\_id=2907&article\\_id=23526](http://www.jamestown.org/publications_details.php?volume_id=397&issue_id=2907&article_id=23526).

Nunha entrevista realizada por Tayseer Allouni, o correspondente de *Al Yazira* en Cabul, en outubro de 2001, Ben Laden din que “a situación non é como a mostra Occidente xa que non hai unha ‘organización’ cun nome específico (como al-Qaida) ou algo así. Este nome en particular é moi vello. Naceu sen ningunha intención. O irmán Abu Ubaida al-Banshiri creou unha base militar para adestrar os mozos e pelexar contra o brutal, arrogante, vicioso e terrorífico imperio soviético (...) Así que este lugar foi chamado ‘A Base’ (al-Qaida), como un lugar de adestramento. Así este nome naceu e creceu”<sup>(27)</sup>.

Al Faqih sostén que tampouco elaboraron textos nos cales se referisen a si mesmo como unha organización xa que na cultura saudita non é necesario “nomear” unha organización e por iso sempre se denominan como *moujahidines* (combatentes), yihad ou “árabes afgáns”. Aínda máis, Al Faqih asegura cun texto de doce páxinas escrito por Ben Laden en 1996 foi descartado cando o exipcio Ayman al-Zawahiri díxolle que o esquecese xa que ninguén o lía<sup>(28)</sup>.

Rohan Gunaratna, profesor asociado do Instituto de Defensa e Estudos Estratéxicos de Singapur e autor do libro *Inside Al Qaeda Global Network of Terror*<sup>(29)</sup>, considera que existe un texto fundacional escrito por Abdula Azzam en 1988 onde se sinalaba que “al-Qaida debía desempeñar o papel de vangarda pioneira dos movementos islámicos”<sup>(30)</sup>. Tamén o paquistaní Ahmed Rashid, autor dun dos libros máis exhaustivos e documentados sobre os talibáns, cre que existe un texto fundacional, pero a diferenza de Gunaratna, di que xurdiu nunha reunión o 23 de febreiro de 1998 na cal “todos os grupos asociados con al-Qaida asinaron un manifesto baixo a éxida da ‘Frente Islámico Internacional para o Yihad contra Xudeus e Cruzados’”<sup>(31)</sup>.

Segundo o *MidEast web*, o texto foi orixinalmente publicado en árabe no diario londiniense *Al Quds al-Arabi* ese mesmo día e foi asinado por Ben Laden, Ayman al-Zawahiri, Abu-Yasir Rifa’i Ahmad Taha, Mir Hamzah e Fazlur Rahman<sup>(32)</sup>. Se ben é un texto curto, ten tres eixes moi precisos. En primeiro lugar, menciona a ocupación dende hai sete anos dos Lugares Sagrados do Islam por parte dos Estados Unidos. Segundo, o bloqueo de Iraq e os seus efectos provocado pola alianza “cruzado-sionista”. Terceiro, sinala que “se o obxectivo dos americanos é relixioso e económico, a súa intención é servir ao pequeno Estado xudeu”. “Todos estes crimes son unha clara declaración de guerra contra Alá, o seu mensaxeiro e os musulmáns”. A conclusión é clara: unha “fatwa” dirixida a todos os musulmáns coa orde de “matar os americanos e os seus aliados, civís e militares xa que isto é un deber individual

(27) Entrevista de Tayseer Allouni en <http://www.islamicawakening.com/viewarticle.php?articleID=977>.

(28) Ídem.

(29) GUNARATNA, Rohan: *Inside Al Qaeda Global Network of Terror*; Columbia University Press, 2002.

(30) *Al Qaeda y sus grupos asociados*, El País, 11/04/2004.

(31) RASHID, Ahmed: *Los Talibán*, op.cit, p206.

(32) Shaykh Usamah Bin-Muhammad Bin-Ladin; Ayman al-Zawahiri, amir of the Jihad Group in Egypt; Abu-Yasir Rifa’i Ahmad Taha, Egyptian Islamic Group; Shaykh Mir Hamzah, secretary of the Jamiat-ul-Ulema-e-Pakistan; Fazlur Rahman, amir of the Jihad Movement in Bangladesh. Pódese ler o texto completo en <http://www.mideastweb.org/osamabinladen2.htm>.

para cada musulmán que o poida facer en calquera país que sexa posible”. A expresión “fatwa” aparece no texto orixinal a pesar de que Ben Laden non é unha autoridade teolóxica –concretamente un muftí– como para pronunciar unha fatwa<sup>(33)</sup>.

Alén dos datos precisos (ou imprecisos), non hai a menor dúbida de que a figura de Ben Laden é central e que a súa autoconstrución como referente político é un produto directo, en primeiro lugar, da loita contra os soviéticos e da aura mística que significou esta loita. Segundo o redactor xefe da cadea *Al-Arabiya* de Dubai, Salah Najm, “a lenda de Ben Laden e os combatentes árabes en Afganistán naceu e desenvolveuse gradualmente despois de que un campo militar denominado Al-Ansar ou ‘el campo dos árabes’ fose bombardeado polos soviéticos en 1987. Os combatentes afgáns retiráronse cando comezaron os ataques, pero un grupo de non máis de 35 persoas, liderados por Shaij Abdallah Azam e Usamah Bin-Muhammad Bin-Ladin resistiron durante dúas semanas de feroces combates”<sup>(34)</sup>.

Nunha entrevista concedida por Ben Laden en 1996 ao periodista británico Robert Fisk –que o entrevistara en Sudán e Afganistán incluso antes de que se convertese no “inimigo público número uno”– comentou que “unha vez estiven a 30 metros dos rusos e estaban tratando de me capturar. Bombardeáronme, pero tiña tanta paz no meu corazón que durmín. Esta experiencia foi escrita nos nosos primeiros libros. Vin un morteiro de 120mm que caeu enfronte de min pero que non explotou. Catro bombas máis lanzaron desde un avión ruso sobre a nosa sede central pero non estouparon. Nós vencemos á Unión Soviética. Os rusos escaparon”<sup>(35)</sup>. Fisk tamén conta que “non houbo entrevista que el non interrompese para cumprir coas súas oracións; o seus partisanos –provenientes de Alxeria, Exipto, os estados do golfo Pérsico, Siria– axeonlláronse ao seu lado, pendentes da menor palabra que me dirixise, como se se tratase do Mesías”<sup>(36)</sup>.

Unha análise do discurso de Ben Laden a través da gama de entrevistas<sup>(37)</sup> concedidas a diversos medios de comunicación islámicos e non islámicos permite ver que se centra en enunciar que atacará todo aquel que no mundo árabe e islámico poida ser percibido como inimigo das reivindicacións populares. Foino no seu momento a loita contra os soviéticos en Afganistán e, unha vez que estes se retiraron en

(33) Para comprender o significado dunha fatua e a autoridade competente para pronunciala, ver o artigo *Le mufti et la fatwa en Islam*, de Sami Aldeeb, responsable do Dereito árabe e musulmán do Instituto Suízo de Dereito Comparado de Lausanne, en <http://www.lpj.org/>.

(34) Transcript of *Usamah Bin-Ladin, the Destruction of the Base*, interview with Usamah Bin-Ladin, presented by Salah Najm, conducted by Jamal Isma'il in an unspecified location in Afghanistan, Aired 10 de xuño 1999, en <http://www.terrorism.ws/modules.php?op=modload&name=News&file=article&sid=12>.

(35) Entrevista publicada en *The Independent*, 06/12/1996, en <http://www.robert-fisk.com/>.

(36) Robert Fisk, en <http://www.rebellion.org/>, 22/11/2001.

(37) Algunhas entrevistas pódense ver en: <http://www.pbs.org/wgbh/pages/frontline/shows/binladen/who/interview.html>, <http://www.public-action.com/911/oblintrv.html>, <http://www.ishipress.com/osamaint.htm>, [http://www.adl.org/terrorism\\_america/bin\\_1.asp](http://www.adl.org/terrorism_america/bin_1.asp), <http://archives.cnn.com/2002/US/01/31/gen.binladen.interview/>, [http://www.serendipity.li/wot/obl\\_int.htm](http://www.serendipity.li/wot/obl_int.htm), [http://www.robert-fisk.com/usama\\_interview\\_hamid\\_mir\\_ausaf.htm](http://www.robert-fisk.com/usama_interview_hamid_mir_ausaf.htm), [http://www.terrorisme.net/doc/qaida/001\\_ubl\\_interview\\_c.htm](http://www.terrorisme.net/doc/qaida/001_ubl_interview_c.htm), [http://www.terrorisme.net/doc/qaida/001\\_ubl\\_interview\\_d.htm](http://www.terrorisme.net/doc/qaida/001_ubl_interview_d.htm), <http://www.warriorsfortruth.com/osama-bin-laden-interview.html>, [http://www.reformpartyofmichigan.homestead.com/files/Interview\\_with\\_Osama\\_Bin\\_Laden.htm](http://www.reformpartyofmichigan.homestead.com/files/Interview_with_Osama_Bin_Laden.htm).

1989 e desapareceu o contexto global da guerra fría, o é Estados Unidos, hoxe como a única superpotencia mundial contra a cal tamén hai que loitar.

A pesar das súas diferentes orixes relixiosas, Ben Laden retomou a consigna do imám Khomeini de loitar contra os norteamericanos logo da caída da Unión Soviética. “O mundo contemporáneo estivo dominado por dous imperios malvados: a Unión Soviética e os Estados Unidos. (...) –dicía Khomeini– Agora, un dos dous imperios, o comunista, colapsou grazas a que as forzas do Islam o derrotaron en Afganistán. As nosas enerxías débense dirixir a desmantelar a outra encarnación da perfidia que é América, o Gran Satán”<sup>(38)</sup>.

É neste contexto onde se pode comprender que, ao seu regreso de Afganistán, o eixo do seu discurso fose a condena á presenza das tropas norteamericanas en Arabia Saudita despois da Guerra do Golfo en 1991, a ocupación de Palestina e as dúas mesquitas de Xerusalén por parte dos xudeus, a masacre de musulmáns en Chechenia e Bosnia e o bloqueo en Iraq. O odio cara aos Estados Unidos e ao Estado de Israel é real e Ben Laden “verbaliza” o que a inmensa maioría dos musulmáns “sinte”, e calquera pode percibir nun café en al-Qahirad (O Cairo), Teherán ou Carachi. O seu discurso é sinxelo, raiano co simplista e sen grandes elucubracións teolóxicas e teóricas. En novembro de 1996 dicía “a evidencia mostra que América e Israel matan aos homes máis débiles, ás mulleres, e aos nenos no mundo musulmán e en todos os lados”.

Algúns exemplos disto pódense ver na recente masacre de Qana no Líbano, na morte de máis de 600 mil nenos iraquís pola falta de alimentos e medicinas a causa do boicot e das sancións contra o pobo musulmán iraquí, ou tamén as matanzas de musulmáns de Bosnia-Hercegovina, que se evitou que lle chegasen armas, quedando inermes a mans dos cristiáns serbios que violaron e masacraron dun xeito que non se veu na historia contemporánea<sup>(39)</sup>. Robert Fisk lembra que sempre se refería aos miles de nenos iraquís mortos a raíz das sancións das Nacións Unidas. “A morte destes nenos iraquís é parte dunha cruzada contra o Islam. En tanto que musulmáns, non nos gusta o réxime iraquí, pero pensamos que o pobo iraquí e os seus fillos son os nosos irmáns e preocúpanos o seu futuro”<sup>(40)</sup>.

A cuestión palestina, dende unha perspectiva islámica, non xera dúbidas respecto da loita pola súa liberación. No libro *Jihad in Islam. How to understand and practise it* (Yihad no Islam, como comprendelo e practicalo), Muhammad Sa'id R. al-Buti, profesor de teoloxía na Universidade de Damasco, dedícalle un capítulo enteiro á “salvación” de Palestina<sup>(41)</sup>. Se ben o libro tenta explicar as diferentes condicións pacíficas para o yihad, no capítulo mencionado expresa claramente que “Palestina, en termos da lei islámica, é do ámbito islámico, non importa como os xudeus

(38) Citado por TAHERI, Amin: *What to do with Teheran*, 11/07/2003, en <http://www.benadorassociates.com/article/462>.

(39) Entrevista publicada en Nida'ul Islam, outubro-novembro de 1996.

(40) En <http://www.rebellion.org/>, 22/09/2001.

(41) *Palestine and the only way to save it*, pp167-188), en *Jihad in Islam. How to understand and practise it*, Dar Al-Fikr, Damasco 1995.

se asentaran no seu chan (...) todos os musulmáns teñen que practicar o yihad para recuperar Palestina”<sup>(42)</sup>.

Al-Buti non é Ben Laden. A diferenza entre eles é que al-Buti encarna o discurso teolóxico-teórico e Ben Laden o teolóxico-práctico que inclúe accións concretas. Ben Laden sempre deixa translucir que o seu é unha “resposta” e que os norteamericanos, xudeus e cristiáns, deben sentir o sufrimento que o mundo islámico sente dende hai anos. Referíndose ao ataque da embaixada de Estados Unidos en Kenya en 1998, Ben Laden dicía “Grazas a Deus o ataque tivo éxito e foi grandioso. Merecíanlo. Fíxolles probar o que nós probamos coas masacres de Sabra, Shatila, Deir Yassin, Qana, Hebrón e noutras partes”<sup>(43)</sup>.

A organización dun movemento con profundas raíces sociais que teña a capacidade para disputar o poder, sexa este islámico, marxista ou de calquera outro signo ideolóxico, é unha tarefa que leva anos. Hai que lograr unha profunda penetración ideolóxica e práctica, loitar nos termos que formula un Estado constituído (ou cuestionar as súas bases) e a historia demostrou que moitos partidos ou movementos de masas desapareceron despois de ter o apoio da maioría da poboación. Por outra parte, todos os movementos revolucionarios do século vinte sempre buscaron un “referente” nas diferentes revolucións co que se identificar e establecer como base de intercambio teórico e práctico, amais do apoio loxístico para a loita nos seus propios países.

Isto foi así coas revolucións rusa, chinesa, cubana e iraniana<sup>(44)</sup>. Con todo, Ben Laden non se acercou á revolución iraniana (por claras diferenzas teolóxicas e ideolóxicas), nin a súa estadía en Sudán foi produto da identificación co réxime islámico sunnita liderado por Hassan Turabi que, desde un país extremadamente pobre, tentou ser outro “faro” islámico revolucionario. A relación cos sudaneses foi máis que nada instrumental e de transmisión de coñecementos técnicos da súa experiencia como construtor, moi lonxe da estreita vinculación política, ideolóxica militar que pode ter –por exemplo– Hizbulá con Teherán ou a que tiveron os partidos comunistas con Moscova e Pequín, ou os movementos revolucionarios con La Habana en América Latina.

Alén do significado da violencia política e/ou revolucionaria, e que este traballo non se propón xulgar, parece tarefa máis “sinxela” recrutar grupos de activistas dispostos a realizar actos terroristas que golpeen o corazón de Occidente, que desenvolvan un movemento de masas con obxectivos a longo prazo, ademais das dificultades que representa para un musulmán realizar tarefas clandestinas nun país non musulmán e incluso esconder a súa identidade. Pero xustamente, o concepto de *taqiyya* permítelles adaptarse ao entorno e tratar de recrutar activistas nun círculo moi íntimo<sup>(45)</sup>.

---

(42) Idem, pp181-182.

(43) En <http://www.terrorism.com/>.

(44) Isto foi desenvolvido en BRIEGER, Pedro: *Adónde va Nicaragua*, Ed. Dialéctica, Bos Aires 1989.

(45) O concepto de *taqiyya* refírese ao feito de disimular a propia relixión, especialmente en tempos de persecución e perigos. Ver NETTON, Ian Richard: *A Popular Dictionary of Islam*, Curzon Press, Londres 1992, p245.

Está claro que os atentados ás Torres Xemelgas ou os cometidos en Madrid non representan ningunha intención de convencer á poboación local na loita contra o goberno ou os donos do capital. Salvo a principios dos noventa, cando Ben Laden expresou o seu rexeitamento á presenza das tropas norteamericanas, nin no seu propio país ou na veciña Sudán, o seu obxectivo foi a construción dun movemento social contestatario antigobernal. Como tampouco o foi en Afganistán contra os soviéticos, porque alí tratábase de loitar contra unha ocupación estranxeira. E cando regresou a Afganistán, despois da súa expulsión de Arabia Saudita e Sudán, atopouse cun país gobernado polos talibán que lle permitiron instalarse alí e moverse con maior liberdade, a pesar do amplo rexeitamento e a desconfianza cara a eles por parte do mundo musulmán<sup>(46)</sup>.

Ben Laden tivo a estraña habilidade de ter un discurso ambivalente respecto de case todos os grandes atentados. Por unha banda, os eloxia como se fosen parte da súa rede ou como se saísen del as indicacións, e polo outro nega calquera relación e só loubra a aqueles que os realizan. Gilles Kepel, no seu libro *Yihad*, sostén que Ben Laden, en máis dunha oportunidade, expresou a súa alegría respecto dos atentados para logo reivindicálos de maneira indirecta ou para negar a súa intervención<sup>(47)</sup>.

O 28 de setembro de 2001, apenas dúas semanas despois do atentado ás Torres Xemelgas, nunha entrevista ao diario *Ummat* de Paquistán Ben Laden negou categoricamente a súa participación no 11 de setembro: “Xa dixen que non estou involucrado nos ataques nos Estados Unidos. Como musulmán trato de evitar dicir unha mentira. Non tiveron coñecemento destes ataques, nin considero un acto apreciable matar mulleres inocentes, nenos e outros humanos. O Islam prohibe estritamente causarlle dano a inocentes mulleres, nenos e outra xente. Esta práctica está prohibida incluso no curso dunha batalla”<sup>(48)</sup>.

Na entrevista citada de Tayseer Allouni, Osama Ben Laden refírese ás Torres Xemelgas sen aceptar a súa participación no atentado. Simplemente afirma que “tratamos aos outros como eles nos tratan a nós. Aos que matan as nosas mulleres e inocentes, nós matámoslles as súas mulleres e inocentes, ata que paren de facelo”<sup>(49)</sup>. Nun vídeo difundido o 26 de decembro de 2001 pola cadea *Al-Yazira*, Ben Laden din que pasaron tres meses “desde os bendicidos ataques contra a infidelidade global, contra América, a cabeza dos infieis”<sup>(50)</sup>.

Noutro vídeo emitido por *Al-Yazira*, o 29 de outubro de 2004, Ben Laden di: “acordamos co líder do grupo Mohammed Atta (considerado o cerebro do atentado) de realizar todos os ataques dentro dos 20 minutos anteriores a que Bush e a súa administración se decatasen do que sucedía. E non imaxinamos que o comandante

(46) Para comprender a relación político-teolóxica entre Ben Laden e os Talibán ver: Khatchik Der Ghougassian: *El (nuevo) rostro de mi enemigo. Estados Unidos y el integrismo sunnita*, relatorio presentado nas Terceiras Xornadas de Medio Oriente, Instituto de Relacións Internacionais, Universidade de La Plata, novembro de 2000.

(47) KEPEL, Gilles: *La Yihad...*, ob.cit, pp499-513.

(48) En <http://www.public-action.com/911/oblintrv.html>.

(49) Ob.cit, en <http://www.islamicawakening.com/viewarticle.php?articleID=977>.

(50) A transcrición en inglés está dispoñible en [http://www.adl.org/terrorism\\_america/bin\\_l.asp](http://www.adl.org/terrorism_america/bin_l.asp).

en xefe das forzas armadas americanas deixaría 50 mil dos seus nas dúas torres á deriva cando estaban na urxencia de necesitar ao seu líder. Estaba máis interesado en escoitar as historias infantís de cabras que en se preocupar polo que sucedía nas torres. Polo tanto, tivemos tres veces máis de tempo para levar adiante o evento”<sup>(51)</sup>.

Como se pode comprobar, a medida que pasa o tempo, o rexeitamento inicial a toda participación no atentado ás Torres Xemelgas deu paso ao recoñecemento da súa planificación. A pregunta que queda flotando é se esta mudanza co paso do tempo non reflicte xustamente parte do xogo retórico de Ben Laden. De todas maneiras, é difícil de crer que dende as montañas de Afganistán Ben Laden manteña unha estrutura centralizada e xerárquica que determine que atentados hai que realizar, onde e cando, máxime cando as axencias de seguridade norteamericanas aseguran que Estados Unidos e os seus aliados interceptan diariamente máis de 650 millóns de sinais de radar, radio, transmisións de satélite, chamadas telefónicas, fax, mensaxes de correo electrónico, etc<sup>(52)</sup>.

Non existe ningún elemento que permita crer nesta centralización, sexa porque é imposible nun país vixiado pola máis sofisticada tecnoloxía norteamericana, sexa porque non existen elementos políticos que así o fagan crer. Aínda máis, como sinaléi anteriormente, Ben Laden xoga coa ambivalencia das súas declaracións que permiten crer que está detrás de todo atentado que se realiza no mundo, pero tamén deixa entrever que non ten ningunha relación con eles e que só afaga aos que os realizan.

Esta “lasitude” leva a que os organismos de intelixencia e os medios de comunicación rapidamente atribúanlle calquera atentado a al-Qaida, e tamén que calquera grupo poida formar parte desta rede inmaterial e inorgánica. A falta dunha estrutura partidaria “tradicional”, cunha dirección política recoñecida, calquera pode “ser” al-Qaida, e calquera pode ser cualificado de al-Qaida. Sinxelamente, é posible levantar o teléfono, realizar unha ameaza, e dicir que se é de al-Qaida sen que isto mereza un desmentido por parte dun organismo centralizado que, xustamente, non existe.

Isto provoca unha psicose colectiva, alimentada polos grandes medios, porque dá a sensación de que al-Qaida está en todos os lados. O 9 de xullo buscaban a membros de al-Qaida en México<sup>(53)</sup>; en xullo de 2002, a BBC de Londres informaba que se desartellou unha célula en Milán<sup>(54)</sup>; o goberno panameño asegurou que un terrorista saudita vinculado al-Qaida estivera en Panamá cinco meses antes do 11 de setembro<sup>(55)</sup>; en outubro de 2003, a Oficina Federal do Criminal alemá informaba que al-Qaida “puido recibir axuda de Alemaña”<sup>(56)</sup> e, segundo *The Washington Post*

---

(51) En <http://www.cnn.com/2004/WORLD/meast/10/29/bin.laden.transcript/index.html>.

(52) Los Angeles Times, 08/02/2004.

(53) <http://www.esmas.com/noticierostelevisa/mexico/376665.html>.

(54) BBC, 03/07/2002.

(55) El Panama America, 27/05/2004.

(56) *Más pruebas de Al Qaeda en Alemania*, Deutsche Welle, 09/10/2003.

financiábase co comercio de diamantes en Liberia<sup>(57)</sup>. Ou, como din Rohan Gunaratna, al-Qaida diferenciase de calquera grupo terrorista anterior porque é unha coalición multinacional composta por xente de 40 nacionalidades de 74 países<sup>(58)</sup>.

Tomando en conta esta psicose colectiva (ou confusión) non se lle pode atribuír calquera acto a al-Qaida, por máis que apareza a súa reivindicación. O discurso ambivalente de Ben Laden levou a que se convertese –ou o convertesen– nunha figura respectada e temida. Cando en 1996 Robert Fisk preguntoulle sobre o asasinato de 24 estadounidenses en Arabia Saudita, afirmou que constituía “unha magnífica acción na cal (el) non tivera a honra de participar”<sup>(59)</sup>. Nun artigo publicado na revista TIME, en xuño de 2001, o xornalista Tony Karo preguntábase se Ben Laden era un mito ou unha realidade xa que este “desexa que se lle responsabilice por calquera ataque que os medios de comunicación están preparados a lle atribuír”<sup>(60)</sup>. Aquí é cando se reforzan as teorías conspirativas ou o que Richard Shultz e Ruth Margolies Beitler da Universidade de Tufts (Boston) definen como unha guerra non convencional e de contraintelixencia entre al-Qaida e EUA<sup>(61)</sup>.

Durante o ano 2004, al-Qaida e Abu Mussab Zarqawi apareceron como responsables de case todos os atentados producidos en Iraq. O politólogo Greg Weiher de Texas realizou unha investigación sobre a presenza de Al Zarqawi en Iraq, tomando como fontes os medios de comunicación dos Estados Unidos. “Zarqawi está por todas partes e ten a culpa de todo” titulou o seu artigo<sup>(62)</sup>.

“Abu Musab Zarqawi culpado de máis de 700 asasinatos en Iraq” (NBC News, 03/03/2004).

“Zarqawi advertiu de ataques contra a maioritaria poboación xiíta co obxectivo de provocar unha guerra civil sunnita-xiíta para arruinar os planos dos EUA de retirárense de Iraq o 30 de xuño” (The Independent, Londres, 03/03/2004).

“O xeneral John P. Abizaid dixo que as incursións das forzas de Operacións Especiais de EUA e os esforzos da policía iraquí contra militantes asociados con Abu Musab al-Zarqawi impediron un importante ataque en Basora” (The New York Times 03/03/2004).

“Existe crecente evidencia de que un terrorista [Zarqawi] con vínculos con al-Qaida estivo detrás do atentado desta semana en Iraq” (Christian Broadcasting Network 04/03/2004).

“Todos os soldados en Iraq están buscando a Zarqawi,” di o brigadier-xeneral Mark Kimmitt (Houston Chronicle 22/02/2004)<sup>(63)</sup>.

---

(57) The Washington Post, 14/07/2004.

(58) Institute of Defence and Strategic Studies, Singapur; 27/06/2002, <http://www.ntu.edu.sg/>.

(59) Robert Fisk, en <http://www.rebellion.org/>, 22/09/2001.

(60) KARON, Tony: *Bin Laden rides again: Myth vs. Reality*, 20/06/2001, en Time Magazine, <http://www.time.com/time/world/article/0,8599,131866,00.html>.

(61) Ver SHULTZ, Richard e BEITLER, Ruth Margolies: *Tactical Deception and Strategic Surprise in Al-Qai'da's Operations*, Middle East Review of International Affairs (MERIA) Journal, vol 8, nº 2, xuño de 2004, <http://meria.idc.ac.il>.

(62) WEIHER, Greg: *The Zarqawi Gambit*, <http://www.counterpunch.org/>, 09/03/2004.

(63) Ídem.

Milton Bearden, que formou parte da CIA durante trinta anos, e estivo en Afganistán e Sudán, sostén que “ligar a Ben Laden a todo acto terrorista coñecido na última década, é un insulto”<sup>(64)</sup>, pero para os norteamericanos parece que se converteu nunha obsesión. Cando identificaron a Ben Laden como o inimigo número uno, bombardearon Afganistán e ofreceron unha recompensa de cinco millóns de dólares pola súa captura<sup>(65)</sup>. Non fixeron máis que lle servir en bandexa un heroe aos musulmáns, agora perseguido pola primeira potencia mundial. Saad al-Faqih cre que os norteamericanos ao converter a Ben Laden na súa “obsesión”, o que lograron foi que miles de musulmáns se sumasen á loita en Afganistán<sup>(66)</sup>.

Dende a aparición pública de Ben Laden e al-Qaida existe a intención de comprender a súa ideoloxía, obxectivos e práctica. Aínda que existe un consenso xeneralizado de que os obxectivos centrais de Ben Laden/al-Qaida eran/son a expulsión das tropas norteamericanas de Arabia Saudita, non é menos certo de que existen múltiples interpretacións respecto dos seus obxectivos políticos e ideolóxicos. Para Fred Halliday, da London School of Economics, unha das características de al-Qaida é a súa ideoloxía híbrida, que incorpora elementos do Islam sunnita, de actitudes sectarias sunnitas contra os xiítas, mesturadas cun nihilismo moderno, o culto extremo ao heroísmo, o autosacrificio e as armas, retórica antiglobalización e nacionalismo. Segundo Halliday é unha ideoloxía que ten unha incoherencia intoxicante<sup>(67)</sup>.

Vincent Canistraro, un ex-xefe de operacións de contraterrorismo da CIA, na súa testemuña fronte á Comisión de Relacións Exteriores dos Estados Unidos, poucos días despois do atentado ás Torres Xemelgas, afirmou que “Ben Laden quere restablecer o Califato Islámico en todos os países musulmáns, unha restauración relixiosa do vello Imperio Otomán, esta vez baixo o liderado do líder talibán, o Mullah Omar. Osama observa aos Estados Unidos como o principal obstáculo para concretar o seu obxectivo”<sup>(68)</sup>.

Esta confusión respecto da súa ideoloxía e obxectivos provoca que se inclúa nesta rede a calquera movemento islámico que utiliza a violencia como arma política ou que se opoña aos Estados Unidos (ou sexa, case todos) como se o obxectivo de todos os movementos islámicos fose un *yihad global*. Jonathan Spyer, un asesor de diferentes gobernos israelís, considera que al-Qaida teceu unha rede de redes entrelazando movementos islámicos de diferentes partes do mundo.

Conspirativamente, Spyer inclúe nesta rede a grupos tan dispares como os insurxentes de Mindanao en Filipinas, de Bangladash-Myanmar, do Iemen, Somalia, Chechenia, Xeorxia ou os ignotos Jemmah Islamiya (do sueste asiático).

(64) <http://www.pbs.org/wgbh/pages/frontline/shows/binladen/interviews/bearden.html>.

(65) RASHID, Ahmed: op.cit, p207.

(66) *Entrevista...*, op.cit.

(67) HALLIDAY, Fred: *Terrorism in an Historical Perspective*, en <http://www.opendemocracy.net/>, 22/04/2004.

(68) *2001 Al Qaeda and the Global Reach of Terrorism*, Hearing before the Committee of International Relations, House of Representatives, One Hundred Seventh Congress, 3 de outubro de 2001, en [http://commdocs.house.gov/committees/intlrel/hfa75562.000/hfa75562\\_0.htm#0](http://commdocs.house.gov/committees/intlrel/hfa75562.000/hfa75562_0.htm#0).

co), al-Ittihad al-Islami (do Corno de África), al-Ansar Mujahidin (do Cáucaso), e moitos outros<sup>(69)</sup>.

O que salta á vista é que non figura ningún dos grandes movementos islámicos (principalmente árabes) con extensa tradición política. Por outra banda, de que lle serviría un adestramento militar para secuestrar avións ou colocar bombas en barcos aos Irmáns Musulmáns, a Fronte Islámica de Salvación ou a Hamas, só para nomear algúns exemplos, cando o seu obxectivo político non é atacar aos Estados Unidos senón que consiste en provocar o cambio de réxime dos seus respectivos países.

## Conclusión

---

Como se viu, non é posible chegar a unha definición clara respecto de al-Qaida porque non hai acordo sobre a súa existencia; cando naceu, quen a conforman, como, se existe un liderado respectado, ou se é unha rede de redes que actúan de maneira independente.

O fincapé na figura de Ben Laden leva a que moitos analistas entendan o “fenómeno” Ben Laden desde o terrorismo *per se* e desligado de movementos sociais, o que, asemade, é retroalimentado polo propio Ben Laden e aumenta o grao de confusión respecto de como e porque naceu al-Qaida, e se existe realmente.

Xa a comezos dos anos noventa, Olivier Roy consideraba que o significado do Yihad estaba emparentado co que non recoñece un espazo político ou un estado<sup>(70)</sup>; por iso sinalaba que a guerra moderna non ten espazo propio ou pechado, nin no xeográfico nin no social. Na súa opinión, como o Yihad tampouco debe chegar a un resultado, os ataques teñen características demostrativas, case exhibicionistas<sup>(71)</sup>.

Non hai dúbida de que a asoballadora intervención norteamericana no mundo árabe e islámico despois da Guerra do Golfo de 1991 e o fracaso da maioría dos movementos islámicos por se facer do poder, provocaron un desencanto pola vía política tradicional e impulsaron a moitos musulmáns a sumárense a grupos sen referencias nacionais<sup>(72)</sup> e cuxo principal obxectivo é cometer atentados terroristas que buscan golpear a Estados Unidos coa esperanza de que estes afecten á primeira potencia mundial e que as masas árabes e musulmáns se subleven.

Pero claramente non é esta a evolución dos principais dirixentes dos movementos políticos islámicos. Estes non abandonan aos seus partidos para se unir a al-Qaida, como sucedeu na década dos setenta en América Latina, que moitos líderes

---

(69) SPYER, Jonathan: *The al-Qa'ida Network and Weapons of Mass Destruction*, en Middle East Review of International Affairs (MERIA) Journal, vol 8, nº 3, setembro de 2004, <http://meria.idc.ac.il>.

(70) ROY, Olivier: *L'echec...*, ob.cit, p193.

(71) Ídem 197.

(72) BUNEL, Pierre-Henri: *The Origins of Al-Qaida*, The Journal of International World Affairs, vol 7, nº 2, abril-xuño de 2004, India, en <http://www.mindfully.org/Reform/2004/Al-Qaida-Franchise1sep04.htm>.

dos partidos socialistas e comunistas abandonaron as súas respectivas formacións criticando a vía electoral para formar grupos guerrilleiros. Al-Qaida é un fenómeno que non procede do movemento islamita, nin sequera do radical e violento, do cal Osama Ben Laden nunca formou parte<sup>(73)</sup>.

Coincidimos co escritor alxerino Lamin Benallou que “como organización operativa, estruturada, piramidal, al-Qaida nunca existiu” senón que “se trata dunha “corrente” influenciada por Ben Laden”<sup>(74)</sup>. Pódese dicir que é unha ideoloxía, máis ca unha organización política para retomar o pensamento de Jason Burke, autor de *Al-Qaida: Casting a Shadow of Terror*<sup>(75)</sup>. Benallou tamén sostén que a tese dunha al-Qaida planetaria, transnacional, organizada, lévanos a acreditar a idea dunha ameaza global, un perigo mundial. E a esta ameaza global debe corresponder unha resposta global. Se Ben Laden e al-Qaida están en todas partes, hai que poñer soldados americanos en todas partes<sup>(76)</sup>, o que explicaría esta obsesión dos Estados Unidos por asegurar a súa existencia planetaria.

Noutras palabras, al-Qaida “é” hoxe calquera movemento islámico que decida atacar aos Estados Unidos e aos seus aliados, independentemente de se a reivindicación é pública ou está adobiada polos medios de comunicación. Por iso, como sinala Halliday “al-Qaida non é unha organización tradicional xerárquica que poida ser destruída liquidando aos seus líderes ou atacando a súas bases porque é máis difusa, un movemento case posmoderno que actúa en base á inspiración e lazos informais”<sup>(77)</sup>.

Se a maioría dos países do mundo árabe e islámico continúa gobernada por ditaduras ou réximes autoritarios e os obxectivos económicos e xeopolíticos dos Estados Unidos implican unha intervención militar, a presenza disto que se acostuma denominar al-Qaida está garantida.

---

*Pedro Brieger é sociólogo e profesor titular de socioloxía de Oriente Medio na Universidade de Bos Aires. Autor de varios libros sobre política internacional; entre outros Medio Oriente y la Guerra del Golfo (1991), ¿Guerra Santa o Lucha Política? (1996), ¿Qué es al-Qaeda? (2006).*

---

(73) MARTÍN MUÑOZ, Gema: *La política de Estados Unidos y o Islam*, El País, 02/01/2003.

(74) Lamin Benallou, El País, 11 de abril de 2004.

(75) BURKE, Jason: *Think Again: Al Qaeda*, en Foreign Policy, maio-xuño de 2004, <http://www.foreignpolicy.com>.

(76) Ídem.

(77) HALLIDAY, Fred: *Terrorism and world politics: conditions and prospects*, en <http://www.opendemocracy.net>, 18/01/2005.